



Carlos Casares Mourillo naceu no ano 1941 en Ourense, cidade que deixaría unha fonda pegada na súa obra. Estudiu Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Exerceu a docencia desde 1969, en Viana do Bolo, Bilbao, Cangas do Morrazo e Vigo. Nesta cidade faleceu o 9 de marzo de 2002.

Comezou a súa carreira literaria moi novo, pois en 1965 publicaba os seus primeiros relatos na revista *Grial*. É xa tradición entre a crítica falar de dúas etapas na produción narrativa de Carlos Casares. Unha primeira, caracterizada no plano temático pola ambientación das obras no período franquista e a utilización de elementos autobiográficos, e no plano formal polo emprego de técnicas narrativas innovadoras (monólogo interior, ruptura temporal...). Debido a isto último algúns estudosos encadran a súa obra dentro da denominada Nova Narrativa, aínda que Casares non parecía gustar desta adscrición. As obras máis representativas deste período son *Vento ferido* (1967), que é un conxunto de doce relatos, e a novela *Cambio en tres* (1969).

En 1975 publicou *Xoguetes pra un tempo prohibido*, novela pola que recibiu o premio Galaxia e mais o Premio da Crítica española. Esta obra, que reflicte a infancia e a adolescencia dos protagonistas na España franquista da posguerra, cerra a primeira etapa da súa produción e marca a transición á seguinte. Na segunda etapa, Casares abandona o experimentalismo formal e recupera formas tradicionais de contar, ao tempo que elimina as pegadas autobiográficas. Nas primeiras obras desta etapa recrea, tinxidos de humor e ironía, períodos históricos máis recuados no tempo: *Os escuros soños de Clío* (1979, Premio da Crítica galega) e a deliciosa noveliña *Ilustrísima* (1980). Porén, nas súas últimas novelas, Casares volve sobre a nosa historia recente, sobre o ambiente das vilas galegas na guerra e na posguerra: *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Como narrador ocupa un lugar indiscutíbel na historia da literatura galega.

Ademais da súa condición de novelista, Casares cultivou a literatura para nenos con obras como *A galiña azul* (1968) ou a peaña dramática *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973, Premio "O Facho"). Tamén hai que salientar o seu papel como biógrafo de Ramón Otero Pedrayo, Manuel Curros Enríquez, Ramón Piñeiro, Vicente Risco, Ánxel Fole... e como derradeira biografía doutro literato, a do Padre Sarmiento. Do seu labor como ensaísta podemos citar *Hemingway en Galicia* (1999) ou *Un país de palabras* (1998). A Xunta de Galicia recoñeceu o seu enorme labor concedéndolle, en 1989, o premio á creación cultural.

GRUPO A




Colaborador habitual, durante catorce anos, da prensa coa columna "A marxe", en La Voz de Galicia, Casares recibiu tamén os premios de xornalismo "Fernández-Latorre", en 1983, e o "Julio Camba", en 1995. Algúns destes artigos foron recompilados no volume *Na marxe de cada día* (1994).

A súa obra póstuma *O sol do verán* foi premio da Asociación Española de Críticos Literarios 2002.

Ingresou na Real Academia Galega en 1978, foi deputado polo PsdeG-PSOE en 1981, dirixiu a Editorial Galaxia, a revista Grial, e presidiu o Consello da Cultura Galega desde 1996.

A comunicación revitalizante a través de *O sol do verán*

(por Inmaculada Otero Varela – Blog Galaxia)



Traballar con adolescentes, malia ao que se adoita dicir, conleva bater de cando en vez con sorpresas ben agradables. Cómpre estar alerta para non interiorizar as voces dos que pregoan que as rapazas e rapaces son unha banda de frívolos sen gusto, porque eles empérranse en botarnos á cara argumentos para a esperanza. Un dos últimos veume da man, precisamente, da novela póstuma de Carlos Casares. Non se me pasaba pola cabeza que da ampla lista de obras que lle ofreciamos desde o departamento de galego ao alumnado de bacharelato, unha das que máis entusiasmos despertaría sería *O sol do verán*. O fervor inersperado co que falaban da novela, sobre todo elas, levou a que me formulase un monte de preguntas ás que tentei contestar, dun lado, reflexionando sobre as achegas dos propios lectores e, doutro, volvendo a lela con ollos mozos.

Quizais un dos maiores engados do libro sexa o relato minucioso da historia de amor frustrada. Tamén o que ten de exploración dos sentimentos; da construción desde a infancia do universo emocional que sosteirá a existencia adulta e condicionará o xeito de relacionarnos cos outros. E se esta é unha cuestión inherente á curiosidade humana, máis aínda o é na adolescencia. Probablemente que na sociedade actual se sobredimensione o achegamento á intimidade dos demais non é alleo á preferenza por este tipo de relatos. De feito, na miña opinión, *O sol do verán* é unha das obras de referencia que inauguran a centralidade da temática instropectiva nalgunhas narracións do novo milenio, motivo bastante ausente na literatura galega anterior. Pero precisamente pola fartura da oferta, unha obra literaria ten que ofrecer algo máis.

Retomando os motivos temáticos que puideron enganchar aos lectores máis novos, certamente a idade dos protagonistas propicia a identificación. Tamén eles están aínda cun pé nese paraíso representado polos veráns no Carpazal, onde o xogo funcionaba para os personaxes principais, Carlos e Helena, como o laboratorio no que ensaiar a vida. Cando o paso do simulacro á realidade non conduce á vivencia plena e feliz dunha paixón como a que aquí se relata, desencadénase unha traxedia que non pode resultarlles indiferente. Para alén disto, gústame imaxinar (trátase á fin de contas de interactuar con ficcións) que Casares conseguiu transmitir unha das súas obsesións máis recorrentes: a análise dos mecanismos da intransixencia. A pesar de que os tempos da novela son outros, é inevitable recoñecerse nas arelas esfareladas por mor do exercicio dunha autoridade que non por despótica deixa de ser ridícula. A sensación de derrota increméntase cando non se atopan culpables claros nos que centrar a xenreira, porque as barreiras teñen que ver máis coa ignorancia, ou a pusilanimidade, ou unha sorte de crenzas herdadas que, a modo de artigos de fe, deben legarse tamén aos seres queridos sen ter consciencia sequera do sufrimento que lles están a provocar. Quen son, á fin, os responsables da morte de Carlos? O pai, a tía Mercedes por beata, a nai de Helena por non loitar o suficiente, o seu home por egoísta, a fatalidade ou a propia responsabilidade por manterse fiel aos principios da

GRUPO A



familia? A imposibilidade da resposta única é a contestación máis habitual do autor a un mundo dificilmente comprensible.

Outra das cuestións fundamentais, e que os propios rapaces e rapazas mencionan, é o mantemento da atención do lector. A estrutura circular de cada un dos capítulos, o achegamento de novos datos e a intensificación na narración dos vínculos que unen aos protagonistas conseguen que a tensión da intriga se incremente ata o final. E, quizais, a constatación dunha obviedade como esta, a de que unha historia, sexa cal for, cando está ben contada chega aos lectores, foi o que me máis me abraiou. Efectivamente, seguindo o xogo proposto na novela de que case nada é o que parece, e case nunca se chega a saber realmente o que é, os inxenuos, esta vez como outras moitas, non foron eles. Unha lección que consitúe, a fin de contas, a homenaxe máis xusta que se lle pode render a Casares.

Verano en Beiro hacia 1950

por Ángel Vivas (Revista de Libros)



Nacido en 1941, Carlos Casares pertence a la generación que irrumpe con fuerza en el panorama literario alrededor de 1975, la de Eduardo Mendoza, José María Merino, Luis Mateo Díez, Álvaro Pombo o, entre sus paisanos gallegos, Alfredo Conde o Víctor Freixanes. Escritor en gallego, suele ser él mismo, como en este caso, el autor de la versión castellana de sus novelas. El sol del verano, en su versión original, ganó el Premio Nacional de la Crítica en 2002, el mismo año del fallecimiento prematuro (todos los hombres mueren jóvenes, decía, con razón, Stevenson) del autor. Los mimbres con que está hecha la novela no sorprenderán a quien conozca la trayectoria de Casares. Por referirnos a la anterior, *Dios sentado en un sillón azul*, además de otras coincidencias temáticas (mundo de la posguerra, recuerdos de la infancia del autor), hay semejanzas estructurales más importantes. Como en aquella, ésta transcurre en la cabeza de un personaje que recuerda a otro y los episodios se entrelazan con parecidos

vaivenes de la memoria. Novela de la memoria y también de la familia, puede incluirse además en esa especie de subgénero que son las llamadas novelas de verano, las que transcurren en esa estación y que, a menudo, son también novelas de iniciación. *Helena o el mar del verano*, *La vida nueva de Pedrito de Andía* o *El mismo mar de todos los veranos* son títulos característicos dentro de la narrativa española, como *El vino del estío* de Ray Bradbury lo es de la universal.

El relato comienza con la muerte (el suicidio) de quien será en las páginas siguientes uno de los protagonistas, Carlos. Helena, su íntima amiga, lo va a recordar, así como la antigua y estrecha amistad mantenida entre ambos desde la infancia, a finales de los cuarenta, sobre todo en los felices veranos pasados en la casa familiar de ella, la misma en que él se ha disparado un tiro en el verano del 68. Ese pasado es importante y gravita sobre toda la novela. El verano es el tiempo de la inocencia, de la felicidad, de la plenitud, el verdadero paraíso perdido de los dos protagonistas. La novela avanza contándonos la historia de Carlos y Helena y de una amistad que tiene claros tintes amorosos, con el trasfondo de la familia de ella y, en menor medida, de los padres de él. El interrogante que constantemente está en el aire y que no se desvelará hasta el final es el motivo del suicidio de Carlos. Interrogante tanto más acentuado cuanto que Carlos es un modelo de vitalismo, alguien divertido y extravertido al que, ocasionalmente, le cubren nubarrones de melancolía. En la clásica dicotomía Marx-Rimbaud, Marat-Sade, Carlos encarna el segundo polo, igual que Arturo, el marido de Helena, intelectual y militante de izquierdas, encarna el primero. Quizá no haga falta decir que las preferencias del autor se inclinan por el personaje que lleva su nombre (curiosamente, además de esto, autor y personaje comparten la fecha de nacimiento y la marca de la moto). La manera de enlazar pasado y presente dentro del largo monólogo interior que es la novela está bien lograda, sin soluciones de continuidad (con una excepción, en la página 102, en que desciende a un recurso mecánico: «y de nuevo empecé a recordar»); a veces, incluso con brillantez, cuando incluye recuerdos dentro de recuerdos. Tampoco tiene más fallos de vocabulario que el abuso del término comentar, como sinónimo de decir (pág. 107-112, por ejemplo). Seguramente es ocioso decir que alguien con la




trayectoria de Carlos Casares domina su oficio. Aquí lo demuestra sobradamente: la cadencia del relato, el empleo, sin excesos, del párrafo largo, nos muestran a un autor en plena posesión de sus recursos. Por ese lado la novela es plenamente satisfactoria. Su gran defecto tiene que ver con la historia narrada, con el fondo, para usar palabras viejas; y, desgraciadamente, con un aspecto central, esencial, del argumento. Tiene que ver con lo que es el motor de la historia: la causa del suicidio de Carlos. La explicación de ese enigma planteado en las primeras páginas y resuelto en las últimas (por lo que no podemos ser explícitos aquí, para no arruinarle a nadie una lectura recomendable, pese a todo) nos deja, en definitiva, ante un relato melodramático, folletinesco, con un inequívoco aire antiguo, por no decir rancio. A ese fallo, del que la novela (sobre todo, la impresión final que deja en el lector) se resiente seriamente, se añade la falta de sutileza (sorprendente en alguien como Casares, amigo de los matices, más que de las evidencias) de dar todas las explicaciones acerca de algo que el lector ha adivinado un rato antes.

Frente a eso, queda la buena factura, el limpio lenguaje, la hermosa historia de la infancia de los protagonistas y el entramado familiar. Esto último añade otra interesante dimensión –ideológica, moral– a la novela, al plantear una oposición entre los personajes tradicionales, de mente inquisitorial y catolicismo preconiliar, típico producto de la España de los años cuarenta y cincuenta, y los sanamente vitalistas, como el propio Carlos, los que defienden «la verdad de ser y de sentir», según la cita de Camus que encabeza la novela. Carlos los llama traidores y cheyennes; Cortázar habría dicho famas y cronopios.

“El sol del verano”(O sol do verán)

Crítica de Ángel Basanta (El Cultural, 2003)



El sol del verano (O sol do verán) es una novela lírica que recrea la memoria de la infancia y juventud desde un presente de amor y muerte que tiñe de nostalgia y melancolía el paraíso del ayer perdido.

Su protagonismo es dual, repartido entre dos amigos de infancia y adolescencia, Carlos y Helena, y sus experiencias estivales en una casa de vacaciones en un pueblo orensano. Pero la responsable única de la narración es Helena, quien recuerda desde su perspectiva femenina el pasado compartido en aquellos veranos. Su narración comienza a partir del final trágico de Carlos, después de haber consumado su amor imposible entre ambos. La visión del cadáver de Carlos impulsa a Helena a ordenar su memoria de tantas experiencias compartidas, entre recuerdos familiares y el acceso de ambos a la adolescencia y la juventud.

La narración memorial de Helena se construye con los componentes y procedimientos genuinos de la novela lírica del aprendizaje. Su relato es fragmentario, con asociación subjetiva de recuerdos entrelazados en sucesivos veranos y que constituyen el descubrimiento inocente de su crecimiento en distintos órdenes de la vida, desde lo erótico y lo religioso hasta las complicaciones de los adultos. Se procede, pues, con una larga retrospectiva temporal, desde un presente narrativo posterior a la muerte de Carlos y situado a finales de los años sesenta, para llevar a cabo una fragmentaria recreación memorial que asocia y combina experiencias separadas en el tiempo, dando así a la novela una elaborada sencillez en su cuidado desorden, que se ofrece como el adecuado reflejo de la confusión mental de la narradora unos días después de la trágica muerte de su amigo y tardío amante. Pero por debajo de la aparente anarquía en el fluir de la memoria de Helena se descubren algunos motivos recurrentes que el autor ha esparcido con suma eficacia y que componen el eje vertebrador del relato. Son la sorprendente visión del cadáver de Carlos en la bañera y los dos viajes en coche por el mismo trayecto aunque de signo muy diferente: uno es la escapada última de Helena y Carlos hacia su postergada comunicación y entrega íntima; el otro se produce al día siguiente, con Helena y su marido para anunciar lo ocurrido a los padres de ella.

Todo esto se desarrolla con calculada dosificación, graduando así la intensidad del relato. El autor ha sido muy hábil en la construcción de la novela, reservando para el final la entrega amorosa de los protagonistas, por más que se vea

GRUPO A




venir, y la secreta información de las cartas del padre de Carlos a la madre de Helena en las cuales se desvelan algunos misterios de aquella familia que al mismo tiempo explican la deriva trágica que se ha ido imponiendo en esta tierna y doliente historia de paraísos perdidos con amores frustrados que se han vivido como un cuento.

O último galeguista histórico

por Xosé Manuel Pereiro (El País, 2012)

*O escritor Carlos Casares, morto hai dez anos, foi o herdeiro das maneiras e as prácticas do 'piñeirismo'
A súa literatura imponse á figura pública*

“Xa? Parece mentira. Teño a sensación de que non lle fixemos o duelo completamente, que aínda está entre a parroquia dos vivos e a dos mortos, e cada vez que teño un libro del véxoo como obra en tránsito. Non podemos entrar na fase de San Miguel, de pesar as almas, pero penso que pesan ben. É o mellor da nosa narrativa”. Pese ás contas de Manuel Rivas, hai hoxe exactamente dez anos, con 60, morría en Vigo Carlos Casares. Galaxia, a editorial que dirixiu, pensa celebrar a data co lanzamento das súas obras en dixital, unha web específica e un libro homenaxe “en agosto, para celebrar o nacemento, non a morte”, segundo Víctor Freixanes, hoxe no posto que tivo Casares na editorial. Quitado un par de volumes que completen a súa obra xornalística, non hai moito máis que editar, porque practicamente toda a obra casariana está xa publicada. Nin Freixanes, de memoria, dá concretado se son 40 ou 50 libros.



Casares foi, en certa forma, o último galeguista histórico. Non soamente por compartir esa variedade de campos de actuación da Xeración Nós, da creación literaria á acción política, pasando pola promoción cultural, senón porque asumiu e desempeñou o papel de herdeiro cun nítido perfil político e cultural. O gardián da mesa, titulei hai anos unha entrevista súa, en alusión á mesa camilla de Ramón Piñeiro, e fixéralle máis graza que outra cousa. E porque tiña un gusto pola conversa e unha arte practicándoa inusuais no seu tempo. Tamén, igual que agora Rivas e Freixanes, Casares foi o primeiro escritor digamos profesional. Unha década debería ser tempo bastante para analizar como esas facetas —a política, a pública— influíron ou non, e como, na súa literatura.

“A súa obra resiste o paso do tempo. Na división dun crítico norteamericano entre escritores ‘peles vermellas’ e ‘rostros pálidos’, el sería dos segundos, polo seu esmero na técnica e na procura da racionalidade. Pero o que vai emerxendo é a literatura, non nos acordamos de se Valle-Inclán tiña ou non a medalla de Isabel a Católica”, di o autor coruñés. “Tiña opcións persoais, defendeunas con sinceridade, e nalgún caso foi incomprendido. Tiña unha dimensión cívica da vida, e non distinguía entre o papel de escritor e o de cidadán. Hai xente á que lle favorecen os compoñentes extraliterarios, e a el non”, sinala o escritor e editor pontevedrés. “A súa obra ten unha enorme eficacia comunicativa e esixencia estilística, aínda que ás veces parece fácil. Hai quen se dedica a decorar unha ventá e quen fai a ventá para que se vexa a paisaxe”, conclúe Freixanes.

“Casares tiña nos últimos tempos unha posición mediática e institucional moi forte. Iso foise con el e fica unicamente a súa dimensión como escritor e a súa figura humana”, apunta Suso de Toro. Co seu característico prurito analítico, De Toro debulla as contradicións do autor de *Deus sentado nun sillón azul*: “Piñeiro levou a Casares a ocupar o seu posto, e el aceptouno. Pagou un prezo por ser escritor en galego, tivo a oportunidade de integrarse nos escritores españois da súa xeración e non quixo por esa fidelidade. Tiña mecanismos fortes para apoiar a súa obra, pero neste sistema literario moi ligado a faccións que empezan sendo ideolóxicas e acaban sendo persoais, esa batalla perdeuna. Era un galeguista que se distanciou dese mundo, arroupado por xente hostil ao galeguismo”.

Entre os escritores máis novos, os que coñeceron a Casares no programa de lecturas escolares, hai tamén ambivalencia. “Toda a dignidade política que exhibira contra a ditadura quedou suavizada pola tapicería do coche



oficial. Amoldouse ao fraguismo con comodidade, sen chistar. Modernizou o Consello da Cultura converténdoo en actor importante, e soubo erguer as lápidas de mármore que esmagaban Galaxia e encarreirala cara a modernidade. Padeceu, iso si, a soberbia de asumir moitas máis dignidades e responsabilidades das que era quen e iso provocoulle un desenvolvemento menor ao seu potencial”, pensa Jaureguizar. “Interesoume *Deus sentado nun sillón azul*, onde retrataba toda unha xeración. O resto, pouco, porque falaba sobre un mundo e un tempo aos que eu non pertencía, algo que si conseguen contemporáneos seus de Estados Unidos. Se algo queda é de ámbito infantil: as galiñas e as laranxas”.

Rosa Aneiros tivo un profesor de EXB que consideraba que *Vento ferido* era unha lectura axeitada para os 12 anos, así que o leu, e *Os mortos daquel verán*, antes que *A galiña azul* ou *As laranxas máis laranxas...* “Foi moi duro, pero estivo ben porque foi unha ruptura total co que leramos en galego, máis costumista. Non sei se a figura institucional está distanciando aos lectores da súa obra, facendo menos visible a parte literaria”. “Os maiores de 40 anos ten un coñecemento amplo da súa figura. A parte cívica como parlamentario, axente literario, editor... Para os máis novos, é un escritor que se le no instituto, por iso levamos tres anos potenciando o seu coñecemento en primaria”, asegura Gustavo A. Garrido, director da Fundación Casares. A Fundación, na que participan institucións e empresas, viu reducido a menos da metade o seu orzamento (120.000 euros), polo que tamén reduciu as súas actividades. Este ano, segundo Garrido, seguirán dixitalizando o arquivo persoal de Casares (levan 8.000 documentos e queda case un tercio), meterán material audiovisual na web, e tamén preparan unha edición da narrativa curta en castelán. E a biografía canónica que non hai.

Desde hoxe, Carlos Casares cumpre os requisitos da Academia (da que formou parte con 36 anos, o máis novo da historia da institución) para ser homenaxeado polo Día das Letras. Os dous académicos consultados veríano ben, sen desvelar se o propoñerán. “Estaría moi ben que se lle dedicara. O tempo que se dedique a lembrar a este escritor é tempo gañado”, di Rivas. Freixanes, que ten na RAG a mesma cadeira que tivo Casares, recoñece que “está cantado que llo dediquen, tanto ten este ano como outro”.

Bibliografía de Carlos Casares nas Bibliotecas de Oleiros

Fontes:

[Blog Galaxia](#)

[El Cultural](#)

[Revista de Libros](#)

[Biblioteca Virtual Galega](#)

Para saber máis:

[A obra narrativa de Carlos Casares, por Anxo Tarrío Varela \(pdf\)](#) notas sobre “O sol do verán” nas páx. 36 a 43.

[A traxectoria narrativa de Carlos Casares, por Ángel Basanta \(pdf\)](#)

[Ramón Piñeiro, Carlos Casares e a “Nova Narrativa”, por Teresa Bermúdez Montes \(pdf\)](#)

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996
Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
[Blog](#)
[Web](#)

GRUPO A